DOG Diario Oficial de Galicia

DOG Núm. 32 Mércores, 17 de febreiro de 2021 Páx. 10073

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO

EXTRACTO da Resolución do 30 de decembro de 2020, da Secretaría Xeral para o Deporte, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia non competitiva, a clubs deportivos, sociedades anónimas deportivas e seccións deportivas de Galicia para o desenvolvemento de actividades deportivas e para a implementación de medidas de seguridade e prevención no desenvolvemento da actividade deportiva oficial como consecuencia da COVID-19, e se convocan para o ano 2021 (código de procedemento PR945C).

BDNS (Identif.): 548639.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo se pode consultar na Base de datos nacional de subvencións (http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index).

Primeiro. *Entidades beneficiarias*

Poderán ser beneficiarios das subvencións os clubs deportivos, as sociedades anónimas deportivas e as seccións deportivas de Galicia, inscritos, en todos os casos, no Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia.

Segundo. *Obxecto*

Esta resolución ten por obxecto aprobar as bases reguladoras polas que se rexerá a convocatoria de subvencións da Secretaría Xeral para o Deporte, en réxime de concorrencia non competitiva, a clubs deportivos, sociedades anónimas deportivas e seccións deportivas de Galicia para o desenvolvemento de actividades deportivas e para a implementación de medidas de seguridade e prevención no desenvolvemento da actividade deportiva oficial como consecuencia da COVID-19.

Terceiro. *Bases reguladoras*

Resolución do 30 de decembro de 2020, da Secretaría Xeral para o Deporte, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións, en réxime de con-

CVE-DOG: goil9k99-9yp2-vav2-y0k6-tfwlvmo8cld0

correncia non competitiva, a clubs deportivos, sociedades anónimas deportivas e seccións deportivas de Galicia para o desenvolvemento de actividades deportivas e para a implementación de medidas de seguridade e prevención no desenvolvemento da actividade deportiva oficial como consecuencia da COVID-19, e se convocan para o ano 2021 (código de procedemento PR945C).

Cuarto. *Importe*

Para conceder estas subvencións destinaranse 3.920.000 €, con cargo á aplicación orzamentaria 04.40.441A.481.0, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2021.

Quinto. *Prazo para presentar as solicitudes*

O prazo para presentar as solicitudes será dun mes, contado desde o día seguinte ao da publicación desta resolución.

Santiago de Compostela, 30 de decembro de 2020

José Ramón Lete Lasa
Secretario xeral para o Deporte

CVE-DOG: goil9k99-9yp2-vav2-y0k6-tfwlvmo8cld0